



INFORME RELATIVO Á VALORACIÓN DOS CRITERIOS CUALITATIVOS, CUANTIFICABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR CONTIDOS NO SOBRE B DA LICITACIÓN “ANTAS DE ULLA.CONSTRUCCIÓN DO PARQUE CENTRAL DE GALICIA EN NUGALLÁS” (EX024OB21AB)

ANTECEDENTES

Con data de 17 de xaneiro de 2022, celebriase a Mesa de Contratación para a apertura e cualificación administrativa do sobre/arquivo “A”, documentación administrativa e do sobre/arquivo “B”, oferta económica, e valoración, de ser o caso; relativos ao expediente EX024OB21AB .

O 18 de xaneiro o Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Lugo recibe as ofertas técnicas presentadas polas empresas (Sobre B), para que sexan revisadas, analizadas e valoradas de acordo co establecido no PCAP.

INFORME DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración da oferta técnica e o seu contido e formato veñen determinados no Anexo II do PCAP, concretamente a memoria técnica deberá contar con:

“O contido mínimo da memoria a presentar polos licitadores deberá incluír, en relación á execución da obra un Plan de obra no que se recollan os seguintes aspectos:

- *Posta en obra e acopio, no seu, de materiais.*
- *Actuacións previstas para mellorar a organización da obra.*
- *Medios materiais a adscribir para a execución da obra.*
- *Melloras en materia ambiental e paisaxística propostas.”*

Así mesmo para a realización da valoración das ofertas técnicas o PCAP establece os seguintes criterios de valoración e puntuación para as memorias técnicas:

“As puntuación logo da análise á memoria serán:

(0 Puntos). A proposta non fai referencia, en relación aos aspectos recollidos e esixidos na memoria, a unha metodoloxía nin plan coas accións detalladas no contido recollido técnico non establece un cronograma valido ou non cubre os requisitos mínimos recollidos no proxecto.

(7,5 Puntos). A proposta describe con pouca profundidade o plan de proxecto, en relación aos aspectos recollidos e esixidos na memoria, cubre o mínimo pero sen aportar ningún valor ou sen axustarse por completo ás necesidades recollidas no apartado de contido

(15 puntos). A proposta da memoria técnica describe en detalle e profundidade o plan técnico do proxecto, a metodoloxía, ferramentas relacionadas coas accións detalladas no proxecto técnico, adaptándose ás condicións e aspectos recollidos e esixidos na memoria, establecendo un cronograma validado e adaptado ao esixido estando acorde ao requirido no prego e axéitanse ás necesidades manifestadas pola Deputación.

(25 puntos). A proposta describe en detalle e profundidade o plan técnico do proxecto, a metodoloxía, ferramentas relacionadas coas accións detalladas no prego técnico, adaptándose ás en relación aos aspectos recollidos e esixidos na memoria, establecendo un cronograma validado e adaptado ao esixido no contido da memoria e aportando un maior valor engadido ao requirido pola Deputación no contido da memoria técnica recollida neste apartado.”

	IV7CSOTCBIW7YSO63R6QEYHTMM	Fecha y Hora	01/02/2022 14:57:15	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSOTCBIW7YSO63R6QEYHTMM	Página	1/5	



Procedese segundo ao exposto anteriormente a avaliación das memorias técnicas presentadas polas empresas:

- ALVAC GALICIA
- CALFENSA PROYECTOS S.L.
- UTE: OVISA-PROBISA PARQUE NUGALLAS

Trala revisión e análise das memorias e, no seu caso, anexos presentados, procedese a seguinte valoración:

ALVAC GALICIA

A memoria técnica presentada desenvolve, no que se refire ao enfoque da oferta técnica, a implantación en obra, o diagrama de Gantt – programa de traballos, o diagrama de inversións mensuais e a calidade dos materiais e un organigrama do persoal a adscribir durante a execución.

En cambio non detalla a estratexia, a organización do traballo nin a metodoloxía utilizada para a realización das obras.

Posta en obra e acopio de materiais

Prevese localización e dimensións de casetas de obra e residuos. Defínese unha zona de acopio, sen especificar a súa dimensión.

Actuacións previstas para mellorar a organización da obra

O diagrama de Gantt – programa de traballos aportados, presenta deficiencias importantes:

- A execución da mampostería de pedra, dos muros exteriores, non pode ser posterior a colocación do taboleiro de cuberta e da tella.
- O recheo perimetral dos muros de cimentación non pode ser anterior a construción de ditos muros.

Os tempos de execución de algunhas partidas non están calculados correctamente:

- Non é posible executar 1.000 m³ de escavación no Edificio 1 en só un día con unha soa escavadora mixta.
- Non é posible executar 4.500 m³ de recheo e compactación (2.500 m³ sen aporte e 2.000 m³ con aporte) en tres días con unha moto-niveladora e unha retroescavadora mixta).

Inclúe un diagrama de inversións mensuais e previsión de empresas subministradoras de material.

Medios materiais a adscribir para a execución da obra

Apórtanse fichas dos equipos de traballo participantes. Considerase suficientes. Inclúe un organigrama de persoal adscrito a obra.

	IV7CSOTCBIW7YSO63R6QEYHTMM	Fecha y Hora	01/02/2022 14:57:15	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSOTCBIW7YSO63R6QEYHTMM	Página	2/5	

**Melloras en materia ambiental e paisaxística propostas**

A memoria non incorpora melloras en materia ambiental e paisaxística.

CALFENSA PROYECTOS S.L.

A memoria técnica presentada inclúe a metodoloxía, estratexia de execución, adecuación as necesidades manifestadas pola Deputación, así como medidas de garantía de calidade.

Inclúe tamén un análise do documento do proxecto, así como os resultados de un completo traballo de campo realizado.

Realiza tamén unha correcta descrición dos traballos a realizar, que inclúe posta en obra e depósito de materiais, actuacións previstas para mellorar a organización da obra, medios materiais a adscribir para a execución da obra, así como melloras en materia medioambiental e paisaxística propostas.

Posta en obra e acopio de materiais

A memoria describe detalladamente e sitúa as zonas de instalacións de obra tales como acopios, zonas de residuos e zona de campamento de obra (caseta y aseos), con indicación de localización e dimensións.

Actuacións previstas para mellorar a organización da obra

O plan de traballo – diagrama de Gantt presenta un cronograma detallado das actuacións a realizar. A empresa conta con instalación autorizada de xestión e valoración propia de residuos.

Medios materiais a adscribir para a execución da obra

Inclúese un listado detallado de técnicos adscritos a obra e con residencia en Lugo. Descríbese a composición dos equipos de traballo participantes na execución de obra. Estes considerase especialmente detallados e adecuados ao contido no proxecto e no PCAP. Valorase o valor engadido e formación do equipo técnico de apoio especializado que ofrece a oficina técnica da empresa.

- Oficina técnica Calfensa con enxeñeiro agrónomo con formación en paisaxismo e enxeñeiro téc. Agrícola.

Melloras en materia ambiental e paisaxística propostas

A memoria inclúe ata 13 propostas de mellora ambiental e paisaxística, detalladas exhaustivamente e que aportan un alto valor engadido ao espazo así como a redución de impactos paisaxísticos sobre a zona, destacando o abonado das plantacións, a plantación e diversidade de sementeira de pratenses e a mellora da zona mediante plantacións de cubrición en taludes e inmediacións da praza.

UTE: OVISA-PROBISA PARQUE NUGALLAS

A memoria técnica presentada inclúe a metodoloxía, cos condicionantes durante a execución, prestamos e vertederos, afeccións, coordinación e continuidade dos traballos, definición da calidade dos materiais, análise das necesidades de acopio, diagrama da estrutura técnico-administrativa, empresas subcontratadas e subministradoras, plan de xestión de residuos e proposta de xestión.

	IV7CSOTCBIW7YSO63R6QEYHTMM	Fecha y Hora	01/02/2022 14:57:15	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSOTCBIW7YSO63R6QEYHTMM	Página	3/5	



Realizase tamén unha correcta descrición dos traballos a realizar que inclúe actividades principais, actuacións para mellorar a organización da obra, mellora dos medios materiais a adscribir na obra, así como melloras en materia ambiental e aforro enerxético.

A memoria técnica inclúe tamén, como anexos, o traballo de campo – reportaxe fotográfico, así como un diagrama espazo – tempo e unha distribución gráfica das inversións previstas mensualmente.

Posta en obra e acopio de materiais

Realizase unha descrición insuficiente dos materiais a acopiar e non se definen os espazos necesarios nin a situación das diferentes localizacións de obra.

Actuacións previstas para mellorar a organización da obra

O plan de traballo – diagrama de Gantt presentado segue o esquema de capítulos e partidas do proxecto. Do mesmo modo, detallase a organización e composición dos equipos de traballo. O desenvolvemento da execución da obra presentado é correcto. Indícanse unha serie de empresas subministradoras e subcontratistas para diferentes actuacións.

Medios materiais a adscribir para a execución da obra

Aportase a estrutura técnico-administrativa e funcións na obra, así como un cadro de medios materiais adscritos e de equipos de traballo, coa súa composición.

Melloras en materia ambiental e paisaxística propostas

Existen deficiencias na determinación de la zona de impacto e das posibles solucións.

- Identifícase incorrectamente a zona de actuación e os cauces próximos, situándoa nas proximidades do río Miño, sendo o cauce fluvial máis próximo o rego de Amarante.
- Non existe saneamento na zona, conectado a EDAR, polo que a proposta para conexión do saneamento de aseos de obra non é adecuada.

Propóñense medidas de redución da contaminación e aforro enerxético solo durante a execución das obras que non terán continuidade unha vez finalizada a mesma (melloras transitorias). Non se aportan melloras en materia paisaxística.

CONCLUSIÓN

ASPECTO/ EMPRESA	ALVAC GALICIA	CALFENSA PROYECTOS S.L.	UTE: OVISA-PROBISA PARQUE NUGALLAS
Posta en obra e acopio de materiais	Define as instalacións provisionais de oficinas, aseos, almacéns e residuos, propoñendo a súa localización.	Proponse instalacións de obra definidas e localizadas con estimación de zonas de acopio.	Breve descrición sen identificar zonas nin superficies a ocupar.
Actuacións previstas para mellorar a organización da obra	Presenta defectos e prazos non realistas na programación de obra. Aporta empresas subministradoras.	Presenta unha planificación de obra detallada. Valorase a posibilidade de xestión e valoración de residuos propia.	A organización e planificación de obra detallada, aportando datos de subcontratas e subministradores.

	IV7CSOTCBIW7YSO63R6QEYHTMM	Fecha y Hora	01/02/2022 14:57:15	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSOTCBIW7YSO63R6QEYHTMM	Página	4/5	



Medios materiais a adscribir para a execución da obra	Inclúe un organigrama de xefaturas técnicas e descrición dos equipos de traballo.	Inclúe descrición de persoal técnico e equipos de traballo a adscribir. Esta contén un maior grado de detalle ao esixido nos pregos.	Aporta organigrama técnico-administrativo e descrición de equipos de traballo.
Melloras en materia ambiental e paisaxística propostas	Non se propoñen.	Proposta completa e detallada de ata 13 melloras de alto valor engadido.	Melloras ambientais básicas durante a execución da obra.

Por todo o exposto anteriormente, tralo análise das memorias técnicas recibidas, por parte do técnico asinante, propónse a seguinte valoración.

VALORACIÓN DE CRITERIOS CUALITATIVOS, CUANTIFICABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR	
EMPRESA/GRUPO	PUNTUACIÓN
ALVAC GALICIA	7,5 Puntos
CALFENSA PROYECTOS S.L.	25 Puntos
UTE: OVISA-PROBISA PARQUE NUGALLAS	15 Puntos

En Lugo, na data e hora da sinatura dixital

O Xefe de Servizo de Medio Ambiente

Luís J. Fernández Reija

	IV7CSOTCBIW7YSO63R6QEYHTMM	Fecha y Hora	01/02/2022 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CSOTCBIW7YSO63R6QEYHTMM	Página	5/5

